

## PEZA DO MES

febreiro

2012



**SANTA CATARINA DE ALEXANDRÍA**



A IMAXE ANTES DA RESTAURACIÓN

## Santa Catarina de Alexandría

A peza que hoxe presentamos é unha escultura de vulto redondo, constituída por un só bloque de madeira sen baleirar na zona posterior, que representa a Santa Catarina de Alexandría. A santa aparece de pé, con porte maxestoso e acusada verticalidade, toucada con coroa e portando un libro, faltándolle o atributo da espada, da que só queda un pequeno fragmento. Ataviada con túnica cinguida ao talle marcando suavemente a anatomía cuns pregues de execución lineal e agrupados en abano sobre a perna que apoia na cabeza do emperador Maximiano, o seu perseguidor, que algúns autores identifican con Maxencio (fillo de Maximiano).

A nosa provincia mantén na segunda metade do século XVI un dos máis activos núcleos artísticos de Galicia, centrado en torno á súa Catedral, de onde se irradiará esta increíble floración artística aos máis afastados lugares nun afán por renovar as súas fábricas, especialmente, no caso dos mosteiros. Ademais a proximidade xeográfica con León e Valladolid favore-

cerá a chegada de artistas casteláns. No derradeiro terzo, unha nova e fecunda vertente chegará de mans de Xoan de Xuni, que deixará, co seu fondo vitalismo, unha importantísima pegada na arte ourensá, e sobre todo pola chegada do autor coñecido como “mestre de Sobrado”, de clara filiación xuniana especialmente no ton dramático e a expresividade das súas tallas. Tamén destaca o polifacético Xoan Bautista Celma, de influencia italiana pero que asimilará outras fórmulas artísticas tras ter traballado con Xoan de Anxés o Mozo e Alonso Martínez. A personalidade deste último estivo sempre ligada á do seu mellor discípulo, Francisco de Moure, cun estilo de filiación castelá. De Alonso Martínez é a imaxe de Santa Catarina do retablo da igrexa dos Remedios de Vilamaior en Verín (de finais do século XVI) que amosa grandes similitudes coa nosa peza na representación iconográfica, especialmente na cabeza do rei aínda que o estilo xa denota unha evolución na resolución dos panos, máis grandiosidade no tratamento do corpo e o despegue dos brazos, que crean outro aire arredor da imaxe, mentres que na nosa escultura, o conxunto é máis pechado, cos brazos pegados ao corpo e cuns suaves pregues de caída vertical. O rostro de duras faccións e de intensa policromía nas carnacións, que na cabeza do rei se traduce en trazos raiando o grotesco, fálanos dunha evolución na expresión e na execución que indican o interese do autor por expresar un sentimento interior. Con estas características poderíamos situarnos na segunda metade do século XVI, pero a inexistencia de datos documentais no caso da nosa peza, obríganos a movernos no difícil campo das hipóteses o que dificulta sinalar unha atribución concreta, especialmente neste momento de intensa actividade artística ourensá, onde se conxugan distintos estilos que derivan da diferente formación dos escultores.

Ingresada pola Comisión Provincial de Monumentos en data descoñecida é asentada no libro de Rexistro do Museo en 1942 co Número de inventario 288. Non consta a procedencia, nin dato algún relativo as circunstancias nas que pasou a formar parte dos fondos que, a finais do século XIX e boa parte do século XX, un grupo de homes con coñecementos de arte, arqueoloxía, historia, numismática... recolleron para tratar de estudar e compilar a historia ourensá; bens que máis tarde conformarían o Museo, un dos primeiros existentes en España. Se ben é certo que moitas pezas quedan sumidas nunha nebulosa de interrogantes e sen datos que nos falen da súa historia, non o é menos que de non ter sido pola intervención dos membros da Comisión, a gran maioría deses bens hoxe non existirían, como así ocorreu con infinidade de retablos e imaxes que acabaron podrecendo

arrombados nun recuncho, no lume ou no mercado de obras de arte.

A restauración desta e outras 17 pezas do museo, realizouse por resolución do Ministerio de Cultura en 2007 pola empresa *Kermes*, especializada na conservación e restauración de bens culturais. A dirección facultativa e coordinación dos traballos correu a cargo de dona Laura Ceballos Enríquez (*Instituto del Patrimonio Histórico Artístico Español. Departamento de Escultura*). Á imaxe, cunhas dimensións de 78 x 25 x 15 cm, fixéronselle radiografías, estudos químicos e analítica de micromostras. Os resultados indicaron a necesidade de consolidar os soportes da madeira (cunha estrutura moi debilitada polo ataque dos xilófagos), eliminar suciedades, restos de cera e masilla empregada para ocultar unha fenda que atravesaba verticalmente a figura así como reparacións con xeso e repintes realizados en diferentes épocas. Policromía e dourados amosan desgastes especialmente na roupaxe; as zonas mellor conservadas corresponden ás carnacións, realizadas en óleo ao xeito tradicional cos materiais: albaialde, vermellón, terra e laca vermella. A capa de ouro fino brunido, moi desgastado en toda a superficie, deixa á vista a preparación embolada segundo o método tradicional. Nas mangas da túnica apréciáanse aínda os restos dun estufado. As cores que aparecen na peza son: branco (veo da santa), gris azulado (volta da vestimenta), marrón (pelo e cellas da muller) e negro (pelo, cellas, bigote e coroa do rei).

A historicidade de Catarina é moi dubidosa, pois o seu nome non figura en ningún texto da Antigüidade cristiá, nin litúrxico nin literario. A lenda descríbena como unha muller fermosa, intelixente e culta, procedente dunha familia nobre de Alexandría (Exipto), que se nega a casar co emperador Maximiano a causa do seu “matrimonio místico” con Cristo. A súa virxindade asóciase tamén ao nome, derivado do grego *katharos*, que significa puro. Sostén victoriosamente unha disputa con cincuenta filósofos enviados polo pagán Maximiano para demostrarlle a inanidade da fe cristiá. Furioso, o emperador envía aos filósofos que Catarina converteu ao cristianismo á fogueira e ordena que ela sexa desgarrada por unha roda chea de puntas, que milagrosamente se quebra ao tocar o corpo da muller, quen finalmente morre decapitada arredor do ano 307. A súa festa celébrase o 25 de novembro (suprimida coa reforma que fixo a Igrexa Católica do calendario en 1969).

O relato, completamente lendario, contouse por primeira vez no *Menologio* de Basilio (fins do século X) e foi popularizada en Occidente pola *Lenda Dourada* de Iacopo Della Voragine (século XIII). Para Hall, o relato da vida desta santa basease na historia de

Hipatia a célebre filósofa pagá de Alexandría famosa pola súa erudición e sabedoría que morreu a mans dos fanáticos relixiosos no 415. As vidas de santos enriquecéense de novos pasaxes de finalidade edificante, canto máis inverosímiles máis admirados e cridos. O artista busca o medio para caracterizar aos santos, sen conformarse só con poñer o nome como se viña facendo, polo que busca na lenda a escena culminante e a sintetiza reducíndoa a un símbolo. Lenda e culto configuran unha iconografía, o que comporta a definición do seu tipo, características e atributos. Un personaxe ou animal baixo os pés do santo indicará dominio ou victoria sobre dito ser. Así vemos o busto de Maximiano en Santa Catarina. Ademais vai acompañada dos instrumentos do seu martirio, neste caso a espada da decapitación, noutras, coa roda de pinchos rota ou a palma do martirio. Representábase como princesa real, coroada e vestida con túnica e manto á maneira das doncelas romanas ou seguindo a moda contemporánea ao artista. Soe levar o anel aludindo aos místicos desposorios, que nesta talla non se lle aprecia. Na man porta un libro, símbolo da súa sabedoría. Santa Catarina gozou dunha inmensa veneración durante a Idade Media (dise que foi invocada por Xoana de Arco), inspirando a artistas desa época así como do Renacemento e Barroco. Son numerosas as pinturas, esculturas e relevos en madeira dedicados a ela. Son largos de enumerar os patronazgos de corporacións ou oficios aos que se lle asocia, citaremos por exemplo: mulleres, oleiros, carreteiros, fiandeiras, notarios, filósofos, teólogos, oradores, moribundos ou solteiras (día das Catalinadas). O centro principal do culto a Santa Catarina en Oriente foi o mosteiro do Sinaí, que se puxo baixo a súa advocación no século IX, despois de que os monxes contaran a milagrosa historia das reliquias transportadas por uns anxos ao monte Sinaí. Na época das cruzadas difúndese o seu culto por Europa, especialmente en Italia, e sobre todo en Venecia, favorecido pola devoción a outro santo de Alexandría, San Marcos e en Francia, pois un mosteiro próximo a Rouen, afirma ter recibido reliquias da santa —o cranio e unha man— levadas polo monxe Simeon. As traslacións de reliquias teñen gran importancia dende o punto de vista da expansión do culto aos santos.


Tamén a Ourense chegarían os ecos do culto a Santa Catarina, manifestándose nun gran número de obras de arte a ela dedicadas como un retablo na Catedral (desmontado en 1568, situado onde hoxe está o retablo da Virxe do Carme) ou a desaparecida Capela de Santa Catarina de Reza Vella.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico

XUNTA  
DE GALICIA